



## Publicacións

### *Revista Galega de Educación, nº 41, xuño 2008*

Revista Galega de Educación, nº 41, xuño 2008.

Monográfico dedicado á Literatura oral e educación coordinado por M<sup>a</sup> Helena Zapico e Antonio Reigosa.

Edita: Nova Escola Galega

iSSN: 1132 - 8932.

Director: Xesús Rodríguez

### **Índice de contidos.**

#### **[Da Presentación]**

**O canon da literatura ou da cultura oficial exclúen a literatura oral aínda que, curiosamente, o acerto en achegar estruturas ou formas propias da oralidade aos textos literarios soe ser recoñecido como un mérito. Esta contradición proba que o emprego do termo □literatura oral□ deriva dunha cultura dominante letrada que pretende así diferenciar a cultura difundida por vía oral □cos prexuízos asociados que todos coñecemos□ da cultura transmitida por vía escrita.**

**A noción de oralidade como forma de comunicación incompleta, antiga e insuficiente para garantir un futuro á sociedade que a practica, é aínda moi común nas sociedades modernas. A falta de escritura □ou un uso precario da mesma□ son a antítese do que se entende por progreso, modernidade e cultura ou literatura sen cualificativos.**

**Porén, e a pesar de todas estas e outras moitas pexas que pesan sobre a oralidade e a literatura transmitida oralmente, o certo é que a oralidade resistiu razoablemente o menosprezo e o descreto ó que**

foi sometida, e mantívose como forma de comunicación interactuante coa comunicación escrita. Sobran os exemplos nos que os temas da cultura transmitida oralmente acabaron impresos, sometidos a códigos da escrita (rimas, métricas) que deron lugar, por exemplo, á literatura de cordel. Textos que deambularon do oral ao impreso e do impreso ao oral, o que posibilitou en moitos casos que non se esquecesen; ou á inversa, pois hai certos soportes da comunicación máis actual que recuperan e mesmo prestixian a oralidade, como é o caso da radio, da televisión ou da internet...



1397\_RGE 41.Índice de contidos.pdf